

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.1.1. Normas e acordos

Resolución do letrado oficial maior, do 22 de novembro de 2017, pola que se nomean os compoñentes do Comité de intervención no procedemento para a prevención do acoso laboral e doutras discriminacións no traballo

O Plan de prevención do acoso laboral e outras discriminacións no traballo, aprobado por acordo da Mesa do Parlamento do 27 de xuño de 2017 e publicado no BOPG núm. 138, do 30 de xuño de 2017, establece no seu apartado 5 a creación dun Comité de Intervención, «..., que estará formado por dous representantes da Administración e mais dous representantes das organizacións sindicais con presenza na Xunta de Persoal ou persoas designadas por ela. Designaranse do mesmo xeito e no mesmo número os membros suplentes deste comité», e que “Garantírase a distancia persoal e orgánica entre os membros que integran o Comité e as persoas implicadas no procedemento.»

En consecuencia, logo de solicitarlle á Xunta de Persoal a designación dos seus representantes,

RESOLVO:

1. Nomear membros do Comité de Intervención e os seus respectivos suplentes, as persoas que figuran a continuación:

Comité titular:

Pilar Marzoa Vázquez

Cándida Rodríguez Ferro

Teodoro García Rodríguez

Isabel Rodríguez López

Comité suplente:

Alfonso Couso Boán

Ignacio Cid Gómez

Carmen Pardal Pazos

Celia Lorenzo Nogueira

2. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3. Comunicarlles este nomeamento ás persoas interesadas, ao Comité de Seguridade, Saúde e Benestar Laboral e ao servizo de Persoal e Réxime Interior

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior